



# GALICIA HISTÓRICA

## Folla de historia e documentos composteláns

Ano 10. Nº 95, Xaneiro, 2025

### O RELOXEIRO FLAMENCO JAN VAN ERP

Mestre reloxeiro do primeiro reloxo da torre do reloxo do ano 1680

No presente ano do 2025 vaise restaurar un dos elementos máis icónicos da catedral de Santiago de Compostela: a torre do reloxo, tamén coñecida co nome da “Berenguela” (aínda que sexa erróneo ese nome). Neste caso non imos falar do proceso construtivo da torre feita polo mestre Domingo de Andrade, se non que ímonos centrar no primeiro reloxo colocado na torre, así coma no seu autor, un reloxeiro estranxeiro.

A torre do reloxo tal e como di o profesor Miguel Taín é “unha construcción paradigmática do barroco galego e obra mestra de Domingo de Andrade”. Na acta capitular do 21 de xaneiro do ano 1676 decídese remodelar a antiga torre medieval que formaba o “Fincapé dos Ourives” coas trazas de Andrade, proporcionándolle máis altura grazas aos dous novos corpos realizados, sendo o primeiro cuadrangular e o segundo octogonal e coroada cunha cúpula con lanterna. Finalizouse catro anos despois, no ano 1680.

O 22 de abril do ano 1678<sup>1</sup> (aínda estábase en pleno proceso construtivo da torre) o cabido outorga poder ao señor cardeal fabriqueiro don Manuel Patiño *“para que concierte con un flamenco que se halla en esta ciudad la manufactura de ruedas y demás instrumentos que fueren menester para el relox nuevo correspondiente a la campana grande de Santiago por jornal o como mejor le pareciere”*. Este reloxo novo substituirá ao antigo feito polo mestre Guillén no ano 1527.

Un ano despois, concretamente no ano 1679, rexistrase outra mención a ese reloxeiro flamenco e un compaño del:

*Jornales y otras cossas del Reloxero Juan Flamenco. 1679*

*Mas da en datta cinco mill quinientos y ochenta y ocho reales y 8 maravedis por tantos que por dicha quenta y firma del dicho veedor de la fabrica consta importaron los jornales que huvieron de auer en este dicho año los reloxeros Juan y Santiago flamencos que trabajaron en el relox nuevo; en que entran carbón, azero y un coleto que se les dio para trabajar<sup>2</sup>.*

Por primeira vez aparecen os nomes dos reloxeiros, Juan e Santiago. Probabelmente sexa unha tradución dos seus nomes orixinais, Jan e Jakobus.

¿Que facían uns reloxeiros flamencos na cidade de Santiago? ¿Chegaron atraídos polas obras que estabanse a realizar na catedral? ¿Tiñan aquí algúun contacto? Algunhas destas preguntas terán resposta a continuación. Jan e Jakobus encargáronse de realizar o novo reloxo pero non tiñan a categoría de reloxeiros da catedral de Santiago, xa que tanto no ano 1679 coma no ano 1680 o reloxeiro era Juan de Lema.

Un ano despois (1681) enuméranse no libro de fábrica os materiais que necesitaron para construír o reloxo (o título previo á descripción serviría para un libro de George R.R. Martin ambientado no mundo de Xogo de Tronos):

*Plomo, fierro y acero. Para la fabrica. 1681*

*Mas da en data, dos mill ducientos y diez reales y diez y ocho maravedís de vellón que valen, setenta y cinco mill, ciento y cinquenta y ocho maravedís. Por tantos que pago por diferentes partidas de plomo, fierro y acero que se compro para hacer el relox nuevo que se hico en esta santa iglesia y otras hogras de la fabrica de ella según consto de las librancas y papeles que de dichos materiales les ha dado el veedor que los exsiuo y presento por menor<sup>3</sup>.*

Nese mesmo ano de 1681 tamén describense os alugueiros dos instrumentos para o reloxo por parte do cerralleiro Bernardo González, así como os traballos feitos polo xaspista Miguel de Herbay e o tallista Francisco Brouces.

*Alquileres de instrumentos, para la fabrica del Relox. 1681*

*Mas da en data, ducientos y cincuenta reales de vellón que valen ocho mill y quinientos maravedís por los mismos que pago a Bernardo Goncalez cerragero vecino desta ciudad en cuya cantidad se ajusto de horden de esta santa yglesia el alquiler de barquines, cafra, martillos y otros instrumentos, que dio para la fabrica y echura del Relox que se hico para la torre nueva desta santa yglessia de que presento reciuo*

*Escudo para la quarta mano del Relox. 1681*

*Mas da en data seiscientos y diez reales que valen veinte mill setticientos y quarenta maravedís, por tantos que se quedaron deviendo a Miguel de Herbay xaspista y a Francisco Brouces, tallista por el trauajo que han tenido en acabar la ultima mano del Relox, la qual se trauajó en tiempo del señor*

<sup>1</sup>ABCS. Actas Capitulares. IG 0629. Fols. 173v-175v

<sup>2</sup>ABCS. Libro 2º de Fábrica. IG 534 (1653-1686). Fol. 350r.

<sup>3</sup>ABCS. Libro 2º de Fábrica. IG 534 (1653-1686). Fol. 376v.

*Cardenal don Manuel Suárez Patiño fabriquero su ante cesor, de que exsibio reciuo<sup>4</sup>*

Pablo Pérez Costanti rexistra no seu “Diccionario de Artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI y XVII” a Miguel Derbay, “marmolista flamenco, avecindado en la ciudad de Santiago (último tercio del siglo XVII)”. Firmaba en varios documentos da catedral como “Herbay, maestro jaspista”. No ano 1678 Herbay e Brouces recibiron do cabido 2300 reais “por haber hecho todas las tallas de los quatro arcos del primer cuerpo de la torre nueva del Relox, trofeos y quatro escudos de dicha torre y más guarnición que en ella está”. E no ano 1679, 1248 reais “por haber labrado dos escudos de cantería que han de servir para poner las manos del Relox nuevo, y aunque están hechos tres, el otro se hizo de jornal”. Catro caras da torre, catro reloxos. Tanto Herbay coma Brouces levaban varios anos traballando para o cabido (Herbay dende o ano 1665 e Brouces dende o ano 1672). Ambos eran flamencos, así que aquí cobra forza a hipótese de que puideron ser eles quenes avisaran aos reloxeiros Jan e Jakobus para acudir á cidade de Santiago a ofertarse para facer o novo reloxo.

O 21 de xuño de 1681 o cabido nomea ao flamenco Juan Van Gorpe como novo reloxeiro da catedral de Santiago, outorgándolle a partires dese intre o salario asignado de 150 ducados anuais.

*Se admite a “Juan Van Gorpe” “relojero flamenco” como “relojero desta santa iglesia con salario de 150 ducados”<sup>5</sup>*

No libro de fábrica o mencionan como reloxeiro francés, non flamenco. No ano 1682 pintanse as mans do reloxo:

*Mas da en data seiscientos y ochenta y siete reales y seis maravedís de vellón, valen veinte y tres mill trecientos y sesenta y quatro maravedís que pago por el coste de diferentes generos de pinturas que se compraron en Portugal para pintar las manos del relox de esta santa iglesia y otras cosas para el servicio de su obra y fabrica, de que presento quenta y racón ffirmada del veedor que se miro y registro por menor<sup>6</sup>*

Dous anos despois de nomealo reloxeiro da catedral, Juan Van Gorpe solicita ao cabido unha axuda para peregrinar a Xerusalén, asegurándolle que deixaría a unha persoa competente no seu posto. Na sesión do 9 de marzo do ano 1683 o cabido decide outorgarlle unha axuda de sesenta reais.

*Que se den de la fabrica 60 reales de a 8 al relojero.*

*En este cauilde se leyó un memorial de Juan dan Herp, relojero desta santa iglesia en que dice trata de hacer peregrinacion a la santa cassa de Jerusalen en que tardará dos años.*

*Y en este tiempo dejara persona que cuide del relox y suplica al cauilde se sirua mandarle dar una ayuda de costa...<sup>7</sup>*

Nesta axuda concedida aparece outra variante do seu apelido, dan Herp. Nos Países Baixos o apelido Van Erp é bastante habitual. Os cóengos escribiron o seu apelido tal e como soáballes.

¿É tempo de abondo dous anos para realizar a peregrinación a Xerusalén? Probabelmente si, pero non hai constancia documental da planificación dessa viaxe. O habitual era embarcarse nun barco dende algúun porto de Italia na primavera ou no verán, facendo escalas en varios portos do Mediterráneo e finalmente chegando a Terra Santa. O momento da súa partida non sería antes do mes de agosto de 1683 xa que ata ese intre estivo contratado polo cabido, comezando a súa peregrinación como moi cedo no mes de setembro dese ano. Hai que ter en conta que nos meses de outono e de inverno non se facían moitas viaxes polo mal tempo. O seu substituto, o reloxeiro e cerralleiro Bernardo González comezou a traballar no mes de outubro de 1683.

¿Completou Jan Van Erp a súa peregrinación? Non hai constancia diso, pero sería moi interesante poder consultar o listado feito no ano 1938 polo polaco Bertrand Zimolong, onde recolleu o rexistro realizado polos franciscanos da Custodia da Terra Santa de todos os peregrinos que chegaron a Xerusalén entre os anos 1561 e 1695, anotando o nome e a orixe de cada visitante. O único seguro é que no ano 1685 notifícase a súa morte.

*Relojero flamenco. 1685*

*Mas da en data mill ducientos y nouenta y un reales de vellón valen quarenta y tres mill ochocientos y nouenta y quatro maravedís por tantos que pago a Juan el Relojero flamenco por el salario que deuio hauer en ocho meses del año pasado de ochenta y tres a racón de ciento y cinquenta ducados de salario en cuya cantidad entran los gastos de su entierro a que mando el cauilde asistiese dicho señor fabriquero don Juan Antonio Saavedra de que exsiuio memoria y quenta.<sup>8</sup>*

Pódese entender según esta notificación que Jan Van Erp morreu na cidade de Santiago de Compostela, xa que o cabido manda asistir ao seu enterro ao cóengo fabriqueiro. ¿Xa retornara de Xerusalén, ou máis ben non lle dera tempo nin a iniciar a viaxe por mor dalgúnha enfermidade? Mentre non aparezan máis documentos, estas preguntas non terán unha resposta posibel, pero sempre poderemos imaxinarnos que Jan Van Erp, mestre reloxeiro do primeiro reloxo da remozada torre do reloxo, pudo concluír a súa peregrinación e tornar a Santiago para poder ver por última vez a súa obra antes de morrer.

Jorge García García

<sup>4</sup>ABCS. Libro 2º de Fábrica. IG 534. Fol. 378r-378v

<sup>5</sup>ABCS. Actas Capitulares. IG 0630. Fols. 168v-169r

<sup>6</sup>ABCS. Libro 2º de Fábrica. IG 534. Fol. 423v

<sup>7</sup>ABCS. Actas Capitulares. IG 0631. Fol. 117v

<sup>8</sup>ABCS. Libro 2º de Fábrica. IG 534. Fol. 435v